



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria
Campus :	Campus de Ourense
Centro de adscripción :	101 - Facultade de Ciencias
Coordinador/a :	Gil Garrote Velasco gil@uvigo.gal 988 387 056
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

22

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

20

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

- Fotocopia DNI/pasaporte
- Certificación Académica das titulacións que den acceso

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Non se establecen requisitos específicos de admisión pero tendrán preferencia:

1. En primeiro lugar, os alumnos procedentes de master en Ciencia y Tecnoloxía Agroalimentaria y Ambiental
2. Se quedan prazas libres, alumnos de outros master da rama de Ciencias

A selección se fará en base á nota media de expedientes académicos. En caso de empate realizaranse entrevistas persoais

Documentación complementaria

Non se necesita documentación complementaria

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

- SI
- Cupo: 5
- Condicións:
- Se decide a nivel xeral pola Universidade de Vigo

Actividades formativas

Actividades abrigatorias:

-Curso de ingles no primeiro ano de doutoramento

-Asistencia a conferencias

-Asistencia a seminarios

-Participación en Congresos Científicos

O programa oferta as seguintes actividades formativas:

1. Curso de cromatografía líquida de alta resolución: Aplicacións
2. Curso de técnicas avanzadas de caracterización de solos, sedimentos e emendas orgánicas
3. Uso de marcadores para a avaliación da calidade microbiolóxica en augas e alimentos

Información específica do programa de doutoramento

Hai unha nova paxina web donde aparecerá información importante para os alumnos deste programa:

<http://pdcta.webs.uvigo.es/es/>



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Impliacións Ambientais
Campus :	Campus de Ourense
Centro de adscripción :	101 - Facultade de Ciencias
Coordinador/a :	Sin-Yeon Kim yeonkim@uvigo.gal 986812590
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Universidades e outros organismos participantes :	Misión Biolóxica de Galicia (CSIC)
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

15

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Non se establecen requisitos específicos de admisión no programa ademais dos xerais para os estudos de doutoramento. Con todo, requírese que o/a estudante realice un máster cun determinado perfil ou que realice algúns complementos de formación no caso de que o máster realizado teña un perfil moi diferente. En primeiro lugar, non terán que realizar ningún complemento de formación os/as alumnos/as que haxan cursado o título oficial de Máster Universitario 'Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental' ou 'Biodiversidade e Ecosistemas'.

Tampouco terá que realizar complementos de formación o alumnado procedente doutros estudos de máster da Rama de Ciencias Experimentais que a Comisión Académica considere que posúen contidos similares. Tamén poderán admitirse estudantes procedentes doutros estudos de máster da Rama de Ciencias Experimentais que, a xuízo da Comisión Académica, estean afastados dos estudos de máster considerados máis adecuados. Neste caso a Comisión Académica, antes da admisión, establecerá unha recomendación sobre complementos de formación específicos que deberá superar o/a alumno/a.

En canto a requisitos idiomáticos específicos, no curriculum vitae o/a candidato/a deberá acreditar o seu nivel de inglés e español. O nivel de inglés esixido é B1 correspondente ao Marco Común Europeo de Referencia sobre Coñecemento de Linguas.

Documentación que deberá presentar o/a solicitante:

- Curriculum vitae (información persoal, formación, méritos, nivel de inglés e español)
- Un documento de máximo 1 páxina explicando os motivos polos que desexa incorporarse ao programa e a liña ou liñas de investigación que lle interesan.
- Optativamente, carta de referencia de investigadores/as activos/as, que poderán establecer a intención de dirixir ou titorizar ao/á estudante e comprometerse no desenvolvemento da tese de doutoramento.

Cando o/a solicitante non posúa carta de referencia, a Comisión Académica poderá solicitar a realización de

entrevistas con profesorado do programa pertencente á liña ou liñas de investigación preferidas polo candidato. Trala entrevista, o/a profesor/a emitirá un informe que se achegará á documentación a fin de que a Comisión Académica decida sobre a admisión.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento é a responsable da admisión dos/as solicitantes ao programa.

Utilizaranse os seguintes criterios, que se indican ordenados por orde de prioridade e que se usarán unha vez que a comisión académica dea por correcta a cumplimentación dos requisitos de acceso (máster relacionado con ETUSIA

ou máster non relacionado pero con complementos de formación):

- 1) Compromiso previo dun investigador ou investigadora para a dirección da tese de doutoramento.
- 2) Expediente académico e nota do máster que dá acceso ao programa de doutoramento.
- 3) Experiencia investigadora previa, tanto durante o máster como noutras situacións, valorándose a correspondencia entre os traballos realizados e as liñas de investigación do programa.
- 4) Resultado da entrevista, que se utilizará para valorar o grado de motivación para as tarefas investigadoras.
- 5) Adecuación da formación ao perfil do programa
- 6) Nivel de inglés e de castelán.

Si o número de estudantes con compromiso de dirección de tese de doutoramento é inferior ao de prazas ofertadas, admitiranse

todas as solicitudes. Si o número fose superior, pasarase a ordenar os estudantes en función do segundo criterio (cualificacións obtidas polo estudante), admitindo a aqueles que teñan mellores cualificacións. O resto de criterios utilizarase en caso de empate seguindo a orde establecida. A valoración dos apartados 3, 4 e 5 faraa a Comisión Académica e a do apartado 6 virá dada pola documentación presentada polo/a estudante.

Finalizado o período de solicitude, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento publicará unha lista preliminar

de admitidos no prazo prefixado, comunicándoselles na mesma lista os nomes dos/as titores/as asignados/as e os complementos de formación esixidos, se os houbese.

O estudantado con necesidades específicas derivadas de discapacidade deberán dirixirse á coordinadora do programa para a resolución dos problemas específicos.

Documentación complementaria

Como xa se comentou, terase en conta á hora de avaliar a formación previa á admisión no programa os curriculum vitae dos/as solicitantes, así como a experiencia avaliada na entrevista previa e a información contida nas cartas de referencia.

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

Condições:

O estudantado estranxeiro deberá cumprir os seguintes requisitos para ser admitido no programa:

- 1.- Estar en posesión dun título estranxeiro homologado polo goberno español ou

estar en posesión dun título obtenido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do/a solicitante nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso ás ensinanzas de Doutoramento.

2.- Demostrar un nivel de español ou inglés que lle permita seguir sen complicacións as actividades formativas plantexadas dentro do Programa.

Actividades formativas

Entre as actividades formativas plantexadas dentro do marco do Programa de Doutoramento ETUSIA atópanse as seguintes:

- 1.- Seminarios de investigación multidisciplinar
- 2.- Obradoiro de escritura científica
- 3.- Redacción dun traballo científico e envío a unha revista
- 4.- Congreso de xóvenes investigadores no que o alumnado do programa presentará o plan de traballo e as principais achegas do traballo realizado na tese en curso.
- 5.- Participación nun congreso da especialidade (o Programa ETUSIA oferta bolsas para facilitar o cumprimento desta actividade)
- 6.- Estancia nun laboratorio estranxeiro (o Programa ETUSIA oferta bolsas para axudar no cumprimento desta actividade)
- 7.- Seminario sobre redacción e presentación dunha tese de doutoramento.

Información específica do programa de doutoramento

Para unha información máis detallada do programa de doutoramento, consultar a páxina web do mesmo:

<http://phdetusia.webs.uvigo.es/es/>



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento
Campus :	Campus de Ourense
Centro de adscripción :	103 - Facultade de Dereito
Coordinador/a :	Raquel Olalla Nieto Muñiz rnieto@uvigo.es 988 387 248
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Universidades e outros organismos participantes :	Instituto Politécnico do Porto Instituto Politécnico de Bragança Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

25

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

25

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster universitario, ou equivalente, sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes dous ensinos.

Así mesmo, poderán acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:

a) Estar en posesión de títulos universitarios oficiais españois ou títulos españois equivalentes sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes ensinos e acreditar un nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior. O alumnado con título de máster español e título de grao non español poderá acceder os estudos de doutoramento aínda non acadando os 300 ECTS ou cinco cursos de duración conxunta dos seus estudos universitarios oficiais.

b) O alumnado en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que, sen necesidade da súa homologación, acredite un nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións en tanto que o devandito título faculta para o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición daquel. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso aos ensinos de doutoramento.

c) O alumnado en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros alleos ao EEES poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sen necesidade da súa homologación e previa comprobación pola Universidade de Vigo de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster universitario que faculta o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición do título. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de

doutoramento.

d)Estar en posesión doutro título de Doutora ou Doutor.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Non se establecen requisitos de admisión nos estudos de doutoramento distintos dos que figuran no apartado anterior.

Se fose necesario, entre os/as candidatos/as que reúnan estas condicións de acceso, a CAPD fará unha selección atendendo a nota media do seu expediente académico.

Documentación complementaria

Segundo normativa

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

Condicións:

Os estudantes con titulación estranxeira non homologada requirirán unha resolución de equivalencia outorgada polo reitor por toda a validez da súa inscrición, despois de emitir os informes establecidos pola normativa, indicando o nome do título estranxeiro eo seu recoñecemento para os fins para levar estes estudos. A equivalencia debe solicitarse dentro do prazo establecido, acompañando o título a partir do cal se desexa acceder aos estudos de terceiro ciclo e un certificado académico dos estudos mencionados, que inclúen as materias e os períodos académicos realizados e o título que dá acceso no seu país aos estudos de doutoramento. Todas as anteriores serán presentadas debidamente legalizadas (orixinais e fotocopias para cotexo ou fotocopias autenticadas por servizos consulares ou embaixadas españolas).

Actividades formativas

1. Conferencias de investigación realizadas polos grupos de investigación ou profesores invitados en torno a temas concretos.
2. Seminarios de investigación organizados polos grupos de investigación ou investigadores do programa.
3. Participación en congresos científicos.
4. Presentación de ponencias e comunicacións en congresos científicos.
5. Promoción da mobilidade para a obtención do doutoramento internacional.
6. Publicación indexada.
7. Preparación e defensa do Plan de Investigación.

Información específica do programa de doutoramento

A recollida na memoria do título



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Turismo
Campus :	Campus de Ourense
Centro de adscripción :	104 - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
Coordinador/a :	José Antonio Fraiz Frea jafraiz@uvigo.es 647343077
Universidad coordinadora :	Universidade De Malaga
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade Antonio De Nebrija Universidade Complutense de Madrid Universidade de Alacant Universidade de Cádiz Universidade de Extremadura Universidade da Laguna Universidade de Sevilla Universidade Rey Juan Carlos Universidade de Vigo Universitat Oberta de Catalunya Universidade de Santiago de Compostela
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

10

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

121

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

a) Estar en posesión de títulos universitarios oficiais españois ou títulos españoisequivalentes sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes ensinos e acreditar un nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior. O alumnado con título de máster español e título de grao non español poderá acceder os estudos de doutoramento aínda non acadando os 300 ECTS ou cinco cursos de duración conxunta dos seus estudos universitarios oficiais.

b) O alumnado en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que, sen necesidade da súa homologación, acredite un nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións en tanto que o devandito título faculte para o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición daquel. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso aos ensinos de doutoramento.

c) O alumnado en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros alieos ao EEES poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sen necesidade da súa homologación e previa

comprobación pola Universidade de Vigo de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster universitario que faculta o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición do título. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o acceso a ensinos de doutoramento.

d) Estar en posesión doutro título de Doutora ou Doutor.

e) Igualmente poderán acceder as persoas tituladas universitarias que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, tivesen superado con avaliación positiva alomenos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

-Expediente académico do grao de acceso ao programa de doutoramento (30%).

-Expediente académico do máster de acceso ao programa de doutoramento (40%).

-Proposta de Proxecto de Tese de doutoramento relacionada con algún dos equipos de investigación existentes no Programa de Doutoramento e cartas de presentación por parte de profesores de Universidade ou doutras Institucións de investigación, que teñan coñecemento directo da capacidade e competencia do aspirante (5%).

-Experiencia investigadora ou outros méritos relacionados coa investigación (20%).

-Coñecemento acreditado de idioma estranxeiro de uso habitual na comunidade científica á que pertenza o programa de doutoramento (5%). De acordo co Marco de referencia europeo das linguas, o nivel mínimo esixido será o B1.

No caso de que a demanda de prazas no programa fose superior á oferta, a Comisión Académica realizará, se estima necesario, unha entrevista persoal cos distintos solicitantes. Os criterios de avaliación da devandita entrevista serán:

-Coñecemento do programa (25%).

-Interese do candidato/a por as súas liñas de investigación e a coherencia da entrevista coa carta ou cartas de presentación (75%).

Documentación complementaria

-Currículo.

-Proposta de Proxecto de Tese de doutoramento relacionada con algún dos equipos de investigación existentes no Programa de Doutoramento.

-Cartas de presentación.

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

Condicións:

O estudiantado estranxeiro ten que cumprir os requirimentos de admisión.

Actividades formativas

Seminarios e talleres, presentacións de comunicacións a congresos nacionais ou internacionais,

Información específica do programa de doutoramento

<http://turismo.uvigo.es/gl/>



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento
Campus :	Campus de Ourense
Centro de adscripción :	105 - Facultade de Educación e de Traballo Social
Coordinador/a :	María Lameiras Fernández lameiras@uvigo 988387121
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

14

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Ter cursados os 300 créditos en Graos e Mestrados, ou titulacións anteriores ao EEES.

Expediente académico e publicacións relevantes. Aceptación da dirección por parte dun profesor/a do programa.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Prioridade ás titulacións de Educación, Traballo Social, Psicopedagogía, Psicoloxía e outras equivalentes tanto na comunidade europea como noutros países.

Expediente Académico

Producción investigadora

Compromiso de dirección por parte dun docente do programa

Documentación complementaria

Currículum Vitae.

Compromiso de dirección

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI

Actividades formativas

Existe un programa anual de actividades obrigatorias. Referencia á memoria

Información específica do programa de doutoramento

Consultar co coordinador calquera dúbida.

Na web da Facultade de Ciencias da Educación pode acceder ao currículo do profesorado que integra o programa de doutoramento <http://educación-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/profesorado/2013-08-20-07-00-51/listado-e-titorias>



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento
Campus :	Campus de Ourense
Centro de adscripción :	105 - Facultade de Educación e de Traballo Social
Coordinador/a :	José María Failde Garrido jfailde@uvigo.es 988387286
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade de Santiago de Compostela Universidade da Coruña Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro Universidade do Porto
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

4

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

20

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Os requisitos de acceso e criterios de admisión, son os xerais establecidos pola normativa correspondente de aplicación para cada universidade, con algunhas recomendacións específicas para este Programa de Doutoramento, derivadas das liñas de investigación propostas.

Perfil de ingreso:

Neste perfil de ingreso recomendado, ademais do cumprimento dos requisitos, o Programa de Doutoramento se adecua en maior medida ao perfil formativo dos graduados nas titulacións impartidas na Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo, así como nas institucións colaboradoras, así como ao alumnado que cursase os másteres implantados na Facultade e institucións colaboradoras. Entre estas titulacións inclúense non só os actuais graos en Educación Infantil, Primaria, Social e Traballo Social, senón tamén as diplomaturas anteriores, así como o segundo ciclo de Psicopedagogía. Outros titulados no ámbito das ciencias sociais, en títulos afíns, teñen igualmente un perfil adecuado, sempre que os seus intereses oriéntense cara ás liñas de investigación propostas neste Programa. Neste caso, inclúense outros titulados de universidades galegas e europeas, e particularmente, titulados de Portugal, Brasil e outros países de Latinoamérica.

No Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, especifícase a obrigaición das Universidades Españolas de dispoñer de sistemas accesibles de formación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso. Atendendo a este requirimento, as Universidades ofrecen información e orientación ao alumnado de novo ingreso na súa páxina web, leste é o caso da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo elabora anualmente a oferta de titulacións oficiais segundo a súa normativa vixente.

Para elaborar a oferta de programas de doutoramento realízase unha primeira fase de consulta ás comisións académicas dos devanditos programas co fin de determinar o número de prazas, cotas para estudantes con titulacións estranxeiras, así como os posibles criterios específicos de admisión complementarios aos indicados na memoria da titulación.

Estas propostas serán avaliadas de acordo coa normativa da Universidade de Vigo e sometidas á aprobación dos seus órganos de goberno.

Unha vez aprobada, a oferta de programas de doutoramento será difundida a través de:

a) Páxina Web da Universidade de Vigo: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/doctorado>

b) Servicios de Atención o estudantado (Servicio de Alumnado da Universidade de Vigo):

https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/eido-escuela-internacional-doctorado/programas-doctoradooption=com_content&task=view&id=2583&Itemid=719&lang=gl

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Criterios de selección e seriación de estudantes do Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento:

En caso de ser necesaria unha selección dos estudantes, esta será realizada pola Comisión Académica do Programa segundo a valoración dos seguintes méritos:

1. Carta de motivación: ata un 20%
2. Parecer/aval de interese institucional da tese: ata un 20%
3. Expediente académico da licenciatura ou grao e do máster: ata un 30%
4. Experiencia investigadora: participación previa en proxectos de investigación, presentacións a congresos e reunións científicas e publicacións, estancias en laboratorios e/ou departamentos nacionais e internacionais: ata un 15%
5. Experiencia profesional, en áreas afíns á o programa ata un 10%
6. Idiomas de interese científico: coñecemento doutros idiomas, á parte do español, galego ou portugués, tales como inglés: ata un 5%:

Nivel A1 (ou equivalente): 0.2 puntos

Nivel A2 (ou equivalente): 0.3 puntos

Nivel B1 (ou equivalente): 0.5 puntos

Nivel B2 (ou equivalente): 0.6 puntos

Nivel C1 (ou equivalente): 0.8 puntos

Nivel C2 (ou equivalente): 1 punto.

Todo iso con xustificación documental sobre os méritos alegados no currículo que deberá presentar na solicitude de admisión ao doutoramento.

No caso de que a Comisión Académica do doutoramento considéreo conveniente, realizarase unha entrevista persoal ao candidato ou candidata previa á súa admisión.

Documentación complementaria

Será obrigatorio que o alumnado presente a seguinte documentación:

1- Carta de motivación: No que o alumno/para detalla os motivos por que se matricula e o seu proxecto ou idea de tese doutoral.

2-Expediente académico.

3-Currículo: No que detalle a súa experiencia formativa, investigadora (proxectos de investigación, presentacións a congresos e reunións científicas e publicacións, estancias en laboratorios e/ ou departamentos nacionais e internacionais...), profesional e niveis de idiomas.

De xeito optativo, presentará de ser o caso, carta de compromiso de dirección, por parte de un docente do programa de doutoramento.

Todo iso con xustificación documental sobre os méritos alegados no currículo que deberá presentar na solicitude de admisión ao doutoramento.

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI
Cupo: 1
Condições:
As mesmas que son de aplicación ao alumnado nacional.

Actividades formativas

As actividades formativas incluídas neste epígrafe terán carácter permanente e estable no tempo e están dirixidas ao conxunto dos doutorandos do programa. As actividades formativas poden ser de formación transversal ou específica. As actividades (seminarios, cursos, talleres, xornadas de doutorandos, congresos, etc.) poden ter diferentes obxectivos (traballar coñecementos disciplinares e metodolóxicos, adquirir competencias transversais, intercambio de experiencias formativas, etc.) e son coherentes coas competencias para adquirir polos doutorandos.

O programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento ten unha duración de seis semestres curriculares.

A estrutura curricular inclúe:

- O Primeiro ano, un seminario transversal titulado: Envellecemento e ciencias sociais. Desenvolvementos teóricos e metodolóxicos e temas de estruturación, de asistencia obrigatoria para todos os matriculados e que confire 6 ECTS. Cada estudante matriculado tamén terá que realizar dous seminarios optativos, entre a oferta de catro definidos como básicos, cada un con 3 ECTS. Todos os seminarios, obrigatorios e opcionais funcionarán no primeiro ano.

No primeiro semestre debe elixir, ademáis, 2 seminarios entre 4 seminarios opcionais (cada un con 3 ECTS):

· Seminario A (optativo): Estruturas, procesos, representacións sociais e experiencias de envellecemento e lonxevidade.

· Seminario B (optativo) Institucións sociais e envellecemento

O primeiro centrarase na discusión da dinámica estrutural que marca a experiencia do envellecemento e a vida na vellez. O segundo centrarase na discusión de modelos contemporáneos de organización social no contexto do envellecemento. Ambos funcionarán na primeira metade do semestre e o alumno debe elixir un.

· Seminario C (optativo): Envellecemento e sociedade.

· Seminario D (optativo): Métodos de investigación en ciencias sociais sobre o envellecemento, cada un con 3 créditos ECTS.

O primeiro centrarase na discusión sobre as modalidades de organización da sociedade en sectores crave,

directa e indirectamente vinculados á dinámica do envellecemento da poboación, cun enfoque no campo das políticas públicas e a análise dos sistemas sociais. O segundo centrarase na profundización dos temas clave da metodoloxía de investigación no estudo dos fenómenos sociais do envellecemento e a vida na vellez. Ambos funcionarán na segunda metade do semestre e o alumno debe elixir un.

- O segundo e terceiro ano o alumnado ocuparase da preparación da Tese e continuará realizando o resto de actividades formativas ata completar 500 horas, que configurará entre as diversas actividades formativas, tendo en conta que determinadas teñen un carácter obrigatorio.

Estas actividades formativas están centradas en proporcionar aos doutorandos e doutorandas metodoloxías e ferramentas de carácter multidisciplinario que apoiarán as súas actividades de investigación específicas.

Inclúen:

- A participación en foros científicos (congresos, seminarios, talleres, simposios) para a adquisición de novos coñecementos ou habilidades de investigación e presentación de comunicacións en congresos relevantes (obrigatoria).

- A publicación de artigos, libros ou capítulos de libros en medios especializados é un obxectivo fundamental xa que a creación de novos coñecementos só ten impacto cando se publica en medios apropiados. Por iso os traballos publicados en revistas incluídas no JCR estará especialmente recomendada (obrigatoria).

- Defensa dos plans de investigación e avaliacións anuais ((obrigatoria).

- Promoción da mobilidade para a obtención do doutoramento internacional (non obrigatoria, pero recomendable).

Información específica do programa de doutoramento

Explicación xeral da planificación do plan de estudos.

Primeiro ano

O alumnado matriculado por primeira vez realizará, durante o primeiro ano, os complementos de formación (no seu caso) e cursará a formación transversal obrigatoria. Ademais, recibirá formación na procura de bibliografía e fontes, e na formulación do proxecto para realizar: problema, preguntas de investigación, fundamentación conceptual e deseño de traballo empírico, ademais cursará 150 horas de formación específica optativa. O alumnado a tempo parcial recibirá esta formación ao longo dos dous primeiros anos.

Segundo ano

Durante o segundo ano, o alumnado matriculado a tempo completo será orientado, polo profesorado do Programa que corresponda, no proceso de recollida de datos e comezará a súa análise e discusión de resultados e continuará co seu plan formativo. O alumnado a tempo parcial continuará coa formación para a fundamentación teórica e deseño da investigación, comezando a recollida de datos.

Terceiro ano

O alumnado a tempo completo recibirá orientación para a redacción de tese, en contacto periódico co/os director/é, e para a presentación pública e completará o seu plan formativo. O alumnado a tempo parcial continúa coa recollida de datos e coa súa análise e discusión de resultados, e continuará co seu plan formativo.

Cuarto e Quinto ano

O alumnado a tempo completo será orientado na redacción e presentación da tese, no caso en que necesitase prórroga, mentres o alumnado a tempo parcial realizará a redacción e defensa do traballo e completará o seu plan formativo.

O profesorado participará anualmente na Defensa dos plans de investigación e avaliacións anuais, así como nos seminarios con profesorado convidado de fóra do Programa, e manterá reunións posteriores para analizar o traballo realizado polos doutorandos e introducir melloras que sexan recomendadas.

Para que o alumno poida defender a súa tese no Programa de Doutoramento Ciencias Sociais e Envellecemento esíxese a xustificación de 500 horas de traballo. A distribución das mesmas ao longo do proceso doutoral debe constar no correspondente plan de investigación do doutorando. En todo caso, a distribución debe ter presente os seguintes requisitos concretos:

1. Superar un mínimo de 6 ECTS de cursos de formación obrigatoria.
2. Superar un mínimo de 6 ECTS (a escoller) do conxunto da oferta de cursos de formación específica.
3. Publicar polo menos un capítulo de libro ou un artigo nunha revista do seu ámbito de investigación (mínimo 40 horas).
4. Participación en foros científicos e presentación de relatorios en congresos científicos (mínimo de 40 horas).
5. Defender os plans de investigación anuais (mínimo 120).
6. Desenvolver actividades formativas das recoñecidas polo programa que somen conxuntamente, polo menos, 500 horas.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables
Campus :	Campus de Ourense
Centro de adscripción :	106 - E. S. de Enxeñaría Informática
Coordinador/a :	Arno Formella formella@uvigo.es 988 387030
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

8

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Priorizarase aos alumnos procedentes daqueles Mestrados da Universidade de Vigo que se determinen como idóneos para a continuidade dos estudos de doutoramento e que na actualidade son:

- o Mestrado en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables,
- o Mestrado en Enxeñaría Informática,
- o Mestrado en Intelixencia Artificial.

Os e as estudantes deberán cumprir os requisitos establecidos e acompañar a documentación acreditativa. Respecto á selección, seguiranse os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade, e tendranse en conta os criterios seguintes:

1. Titulación de Mestrado o DEA: Poderase acceder aos estudos con calquera titulación que legalmente o permita. Non obstante, consideraranse prioritarias as solicitudes que mostren algunha das titulacións seguintes:

2. Titulación de Grao, Enxeñaría ou Licenciatura, consideraranse prioritarias as solicitudes que mostren algunha das titulacións seguintes:

- Enxeñaría Informática
- Enxeñaría Técnica Informática
- Grado en Informática
- Enxeñaría de Telecomunicación
- Enxeñaría Técnica de Telecomunicación
- Enxeñaría Industrial
- Enxeñaría Técnica Industrial
- Licenciatura ou Grao en Física
- Licenciatura ou Grao en Matemáticas
- Graos no ámbito das TIC, e industrial

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

1. Aplicarase na selección de candidatos a seguinte fórmula:

$$\text{ExpPrev} * \text{Pond1} * 0,4 + \text{ExpMsDEA} * \text{Pond2} * 0,6$$

Sendo ExpPrev a nota media do Expediente Académico previo á titulación que de acceso ao programa, ExpMsDEA a nota media do título que da acceso ao programa, Pond1 un dos seguintes valores numéricos: 1 cando o Título previo aportado sexa o de Enxeñaría Informática, Grao en Informática o Enxeñaría Técnica Informática; 0,75 nos casos de Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Industrial, Licenciaturas o Graduados en Física ou Matemáticas, e Graos no ámbito das TIC ou industrial; 0,5 nos casos de outras Enxeñarías Técnicas no ámbito das TIC ou industrial e 0,25 no resto dos casos. Pond2 un dos seguintes valores numéricos: 1 para os expedientes de alumnos procedentes dos títulos indicados como prioritarios e 0,5 no resto.

Documentación complementaria

2. Curriculum vitae no que se acredite o nivel de inglés e a experiencia nas TIC do aspirante.
3. Valorarase a presentación de cartas de aval de profesionais acreditados nos campos relacionados co programa de doutoramento.
4. Entrevista persoal, naqueles casos nos que o nivel de inglés non quede suficientemente acreditado, ou en caso de considerarlo necesario pola CAPD.

Condición de expedición do título de doutoramento (de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

Condições:

Serán as mesmas condicións que se aplican aos estudantes nacionais, sempre dado que cumpren os criterios de acceso a un programa de doutoramento en España según a normativa vixente.

Actividades formativas

Realización dun traballo de Introducción á investigación (Esta actividade corresponde co complemento de formación que se exigirá aos alumnos que nos poidan acreditar ter realizado con anterioridade un TFM de investigación de polo menos 9 ECTS.)

Realización dun seminario semestral (participación obligatoria polo menos 3 veces).

As demás actividades teñen carácter optativo e se teñen que acumular 450 horas (vease memoria):

Participación activa en Proxectos de I+D competitivos

Participación activa en contratos de investigación con empresas

Curso de formación transversal organizado pola Escuela de Doctorado da Universidade

Asistencia a Cursos (seminarios, tutoriales, escolas de verano,...) de formación específica para a súa tese

Participación en Congresos Nacionais e Internacionais

Publicación en Revistas indexadas (JCR) de contenidos da súa tese

Publicación de libros y/o Capítulos de libros de contenidos da súa tese

Publicación en Revistas non indexadas de contenidos da súa tese

Creacións de produtos relacionados coa tese de doutoramento

Estancias de investigación noutras universidades e institucións de investigación

Información específica do programa de doutoramento

Todas as teses no programa de doutoramento realízanse en estreita colaboración cos grupos de investigación que dan soporte ao programa.

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea
Campus :	Campus de Pontevedra
Centro de adscripción :	201 - Facultade de Belas Artes
Coordinador/a :	Ignacio Barcia Rodríguez doctorado.arte@uvigo.es 986801823
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

10

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Para a admisión nos estudos de doutoramento valorarase a formación previa no ámbito das Belas Artes, Arquitectura, H^a da arte, en particular, e das Humanidades en xeral, tendo prioridade sobre o resto de solicitantes. Os/as solicitantes cunha titulación dos ámbitos indicados terán preferencia sobre o resto no proceso de selección. Estudarase en cada caso o acceso para aqueles/as solicitantes que posúan unha formación diferente ás relacionadas neste apartado, atendendo aos contidos concretos do seu expediente académico e ao seu CV en xeral e que se poida asimilar nas súas características de contido.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento será a encargada da selección do alumnado, previa comprobación por parte das unidades administrativas de que os solicitantes cumpren os requisitos de acceso e de admisión. A ponderación dos diferentes criterios de selección farase pública coa convocatoria de preinscrición. O coñecemento de idiomas estranxeiros deberá ser debidamente certificado oficialmente, sendo recomendable un nivel B1. A entrevista poderá realizarse á totalidade dos/as aspirantes ou só a quen a comisión considere necesario, estará orientada tanto a valorar a actitude e capacidades do estudante necesarias para desenvolver as competencias previstas na titulación, como á obtención de información que permita á comisión a valoración máis adecuada dos distintos criterios de selección.

Os criterios de valoración a ter en conta serán os que seguen, sobre unha puntuación de 10:

1- Expediente académico da titulación que presenten para o ingreso. Valorarase a adecuación da titulación, a cualificación media global e a cualificación obtida nas materias máis relacionadas coa investigación para desenvolver (ata 2,5 puntos).

2- Memoria sobre o que se pretende investigar, tendo en conta a súa posible adscripción a unha liña de

competencias e ten as súas actividades formativas precisas. Tódolos módulos son de carácter obrigatorio:

- Módulo 1

Actividade formativa 1. Recursos metodolóxicos

Actividade formativa 2. Seminario lectura de tese

- Módulo 2

Actividade formativa 3. Investigación e estruturas organizativas

Actividade formativa 4. Seminario Liñas de Investigación. Xornadas do estado da investigación (Asistencia 1º y 2º / Ponentes 2º y 3º)

- Módulo 3

Actividade formativa 4. Transmisión da investigación

Actividade formativa 5. Seminario de transmisión

Información específica do programa de doutoramento

INTERESE DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

A creación artística é unha actividade xeradora de coñecemento, cunhas esixencias metodolóxicas propias que atenden non só á produción senón, ao mesmo tempo, á análise e a interpretación artísticas, axuntando creación e investigación. A capacidade da arte para xerar coñecemento propio, define, e á vez amplía, o territorio sobre o que a especificidade da arte traballa, posibilitando que non só sexa obxecto de estudo por parte doutras disciplinas.

A integración da produción artística no contexto cultural é a que permite unha rexeneración das capacidades simbólicas, así como a permanente reelaboración dos parámetros estéticos que a constitúen, contribuíndo e influíndo na maneira de percibir, sentir e conceptualizar os valores que rexen nunha sociedade.

A formación estética dos suxeitos permite facer fronte a problemáticas onde a educación sensible afecta os modos de percibir, sentir, pensar e actuar, desenvolvendo unha dimensión cognitiva a través da arte, en particular, e a formación humanística e cultural, en xeral.

Os contextos sociais na chamada terceira cultura implican unha interrelación moito máis sistémica. Iso precisa a incorporación ao noso contexto cultural de suxeitos altamente responsables, creativos e con gran capacidade de análise da contorna. A investigación artística ten un gran protagonismo na creación de patrimonio e ten a responsabilidade de exercer unha transmisión do mesmo. O ensino e investigación artísticas han de entenderse como unhas actividades interdisciplinares que poñen en xogo os recursos perceptivos, emocionais e conceptuais que incumben ao cidadán, procurando un maior e mellor nivel cultural, unha integración nos contextos, un coñecemento responsable para contribuír ao enriquecemento do patrimonio cultural e á súa transmisión. Neste novo contexto, a figura do/a artista como profesional ou investigador/a, integrado en equipos interdisciplinares, perfílase como unha das máis sólidas saídas profesionais.

A situación actual, co novo marco integrador europeo, supón un novo reto onde temos de tender a unha internacionalización baseada na excelencia. Exponse a necesidade da harmonización e colaboración cos diferentes modelos existentes no estranxeiro, os cales abordan a problemática situados en diferentes puntos:

desde os aspectos máis produtivos aos que, desde outros ámbitos, poderíanse considerar máis investigadores.

OBXECTIVOS DA TITULACIÓN

Formar artistas e investigadores/as que entendan a arte como unha forma de coñecemento integral, capaces de apreenderlo desde unha perspectiva ampla que o insira no seu contexto sociocultural e o relacione con diferentes disciplinas.

Capacitar a artistas e investigadores/as para comprender o seu contexto artístico, cultural e social, e por tanto para articular respostas a esas cuestións expostas mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación artísticos innovadores, levando a cabo producións artísticas de alto nivel e/ou proxectos de investigación dinamizadores de contextos culturais e sociais amplos.

Capacitar a artistas e investigadores/as para transmitir e proxectar, con sentido analítico e crítico, os coñecementos adquiridos durante as súas producións e/ou investigacións, de modo que procuren un avance no coñecemento e na comprensión das artes visuais.

Capacitar a artistas e investigadores/as para formularse as preguntas adecuadas en cada momento.

PERFIL DE INGRESO RECOMENDADO:

Considérase que as persoas que accedan a este programa deben de reunir as seguintes características:

- Capacidade creativa e analítica no ámbito das artes plásticas.
- Capacidade de innovación.
- Sentido crítico e autocrítico.
- Coñecementos do contexto artístico e cultural contemporáneos.
- Capacidade para o manexo de fontes de información habituais no ámbito das artes plásticas.
- Capacidade de transmisión oral e escrita.
- Facilitade de comprensión e uso de novas tecnoloxías e de TIC.
- Coñecemento de linguas estranxeiras para acceder a fontes de información.
- Curiosidade pola arte e a cultura en xeral e as creacións contemporáneas en particular.
- Capacidade de traballar individual e colectivamente.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
Campus :	Campus de Pontevedra
Centro de adscripción :	202 - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
Coordinador/a :	Roberto Jesús Barcala Furelos roberto.barcala@uvigo.es 986801700
Universidad coordinadora :	Universidade da Coruña
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutoramento

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

5

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

15

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Poderá admitirse a alumnado das seguintes titulacións: Licenciados e Graduados en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e Licenciados en Educación Física.

Os estudantes procedentes de outras titulacións afíns (Licenciados ou graduados en Fisioterapia, Medicina, Bioloxía, Farmacia, Psicoloxía, Socioloxía, Historia, Dereito, Filosofía e Letras e Ciencias Económicas e Empresariales), serán valorados pola CAPD en función da súa formación académica complementaria e o seu CV.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Se a demanda supera á oferta terase en conta:

- (i) a colaboración acreditada do candidato/a cun grupo de investigación vinculado ao programa e
- (i) unha entrevista persoal donde se valorarán os méritos contemplados na memoria.

Documentación complementaria

Ver a memoria do Programa de Doutoramento

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI

Actividades formativas

Referencia á memoria

Información específica do programa de doutoramento



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Educación, Deporte e Saúde
Campus :	Campus de Pontevedra
OB Recollida de información e revisión bibliográfica 50 h No 1º curso

OB Participación en congresos e xornadas científicas 20 h Ao longo dos 3 cursos

(deben realizar 2 de entre estas 3)

OP Formación metodolóxica e técnica 20 h Ao longo dos 3 cursos (deben realizar (preferentemente nos 2 de entre 2 primeiros)
estas 3)

Formación en comunicación, difusión e divulgación 20 h Ao longo dos 3 cursos
da información científica (preferentemente nos
2 primeiros)

Formación en xestión da investigación 20 h Ao longo dos 3 cursos (preferentemente nos
2 últimos)

OP Mobilidade (estadía) 160 h Ao longo dos 3 cursos
(1 mes)

OB: Obrigatoria; OP: Optativa

Actividade 1. Recollida de información e revisión bibliográfica

Planificación e organización:

Duración: 50h

Carácter: Obrigatorio

Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º ano

Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar nos primeiros 18 meses

Descrición:

Os e as estudantes de doutoramento deberán realizar unha actividade (elaboración dun informe de estado da cuestión) que implique recollida de información e revisión bibliográfica relevante para a formulación do problema obxecto da súa tese de doutoramento. Con esta actividade deberán adquirir competencia para realizar unha análise crítica e de avaliación e síntese de ideas, así como integrar coñecementos e atopar as preguntas chave que hai que responder para resolver un problema complexo.

Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividade 2. Participación en congresos e xornadas científicas

Planificación e organización:

Duración: 20h

Carácter: Obrigatorio

Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano, a determinar de acordo co director/titor

Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e o 5º ano, a determinar de acordo co director/titor

Descrición:

Os e as estudantes de doutoramento deberán participar nun Congreso ou Xornada Científica do seu campo de especialización, de carácter nacional ou internacional, que se realicen fóra da súa Universidade/cidade. Con esta actividade deberán adquirir experiencia na presentación e discusión dos resultados da investigación ante un público especializado. A selección do congreso/xornada determinarase para cada caso de acordo co director/a da tese. O momento específico de realización da ctividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese, de acordo co director/titor do doutorando/a.

Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando; deberá acreditarse a participación na actividade por parte do comité organizador ou instancia que proceda. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividad 3. Formación metodolóxica e técnica

Planificación e organización:

Duración: 20h

Carácter: Optativo (o estudante debe realizar dúas das tres actividades identificadas como 3, 4 e 5)

Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano (preferentemente nos dous primeiros), a determinar de acordo co director/titor

Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e 5º ano (preferentemente nos tres primeiros), a determinar de acordo co director/titor

Descrición:

Os e as estudantes de doutoramento deberán realizar unha actividade de formación en aspectos metodolóxicos e/ou técnicos do campo da súa tese de doutoramento: técnicas e procedementos de análise de datos, programación informática, técnicas experimentais, etc. Poderán realizala na propia universidade ou noutros centros. Con ela deberán adquirir competencia de nivel avanzado no uso das técnicas ou metodoloxías de que se trate, sempre pertinente á investigación que desenvolve. O contido específico da actividade determinarase para cada caso de acordo co director/a da tese. O momento específico de realización da actividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese, de acordo co director/titor do doutorando/a.

Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividad 4. Formación en comunicación, difusión e divulgación da información científica

Planificación e organización:

Duración: 20h

Carácter: Optativo (o estudante debe realizar dúas das tres actividades identificadas como 3, 4 e 5)

Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano (preferentemente nos dous primeiros), a determinar de acordo co director/titor

Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e 5º ano (preferentemente nos tres primeiros), a determinar de acordo co director/titor

Descrición:

Os e as estudantes de doutoramento deberán realizar unha actividade de formación en comunicación científica e difusión da información: redacción de informes científicos, selección do medio de difusión (revistas científicas da área, libros, congresos), outros formatos de comunicación (comunicación oral, póster), e/ou divulgación científica. Poderán realizala na propia universidade ou noutros centros. Con ela deberán adquirir autonomía na difusión dos resultados da investigación en publicacións e foros nacionais e internacionais relevantes no seu campo de investigación. O momento específico de realización da actividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese, de acordo co director/titor do doutorando/a.

Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando. A actividade non se organiza en ECTS, polo que

non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividad 5. Formación en xestión da investigación

Planificación e organización:

Duración: 20h

Carácter: Optativo (o estudante debe realizar dúas das tres actividades identificadas como 3, 4 e 5)

Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano (preferentemente nos dous últimos), a determinar de acordo co director/titor

Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e 5º ano (preferentemente nos tres últimos), a determinar de acordo co director/titor

Descrición:

Os e as estudantes de doutoramento deberán realizar unha actividade de formación en xestión da investigación: elaboración de proxectos de investigación, tipos de convocatorias, estimación de orzamentos e recursos necesarios, criterios de avaliación de propostas, xestión dos recursos, etc. Poderán realizala na propia universidade ou en outros centros. Con ela deberán adquirir competencia á hora de concebir, deseñar e poñer en práctica un proceso substancial de investigación. O momento específico de realización da actividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese, de acordo co director/titor do doutorando/a.

Procedemento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Actividad 6. Mobilidade

Planificación e organización:

Duración: 160h (1 mes)

Carácter: Optativo

Desenvolvemento temporal: A realizar no 1º, 2º ou 3º ano, a determinar de acordo co director/titor

Desenvolvemento temporal estudantes TP: A realizar entre o 1º e 5º ano, a determinar de acordo co director/titor

Descrición:

Os e as estudantes de doutoramento poderán realizar, con carácter optativo, unha estadía noutro centro de investigación, nacional ou estranxeiro, de polo menos un mes de duración. O seu obxectivo é complementar a súa formación nalgún aspecto relevante para o proxecto de tese nun centro e cun equipo de investigación diferente de aquel co que traballa de ordinario. Con ela deberá desenvolver a capacidade de traballar nun contexto internacional ou multidisciplinar e ser quen de colaborar, intercambiar opinións e compartir coñecementos con investigadores doutros equipos, centros e/ou universidades no desenvolvemento do seu traballo investigador. Esta estadía poderase prolongar e no seu caso definir de xeito máis preciso d'acordo coa normativa aplicable para a obtención da mención internacional no título de doutor. O momento específico de realización da actividade establecerase para cada caso, en función do desenvolvemento específico do proxecto de tese (así como do interese en conseguir a mención internacional), de acordo co director/titor do doutorando/a.

Procedimiento de control: O control da actividade realizarase por supervisión do director/a da tese e mediante a súa anotación no Documento de Actividades do doutorando, previa acreditación polo/a responsable que proceda do centro de realización da estadía. A actividade non se organiza en ECTS, polo que non require unha matrícula específica na Universidade.

Información específica do programa de doutoramento

INFORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO:

Este Programa de Doutoramento ten como obxectivo a formación de investigadores nas áreas da Neurociencia básica e aplicada, a Psicoloxía Clínica e a Psiquiatría, primando a interdisciplinariedade. Con esta perspectiva, o programa inclúe investigadores adscritos a diferentes áreas de coñecemento dos campos da Neurobioloxía, a Neurociencia Cognitiva, a Psicoloxía Clínica e da Saúde e a Psiquiatría. Trátase dun programa interuniversitario, organizado conxuntamente polas Universidades de Santiago de Compostela (que o coordina), A Coruña e Vigo.

Preténdese proporcionar a formación técnica e os coñecementos específicos para a investigación nestes ámbitos e facilitar un marco de interrelación entre os doutorandos e doutorandas vinculados a elas. Aspírase a fomentar un espazo científico integrador de carácter multidisciplinar, que aborde o estudo do cerebro desde o punto de vista morfolóxico, estrutural, funcional, computacional e do desenvolvemento, ademáis da súa relación recíproca con variables psicosociais. Todo co fin de comprender o comportamento humano e de facilitar estratexias preventivas e terapéuticas para as principais enfermidades neurolóxicas e trastornos psiquiátricos.

O estudo do sistema nervoso en xeral, e do encéfalo humano en particular, é unha das áreas prioritarias de investigación en todo o mundo. Un dos maiores retos desta investigación é descubrir os misterios do cerebro, desde o funcionamento molecular até os mecanismos que sustentan procesos como a memoria, a intelixencia ou a acción consciente e a súa interacción co medio. O progreso no coñecemento do sistema nervoso permitirá combater as enfermidades que o afectan e mellorar a calidade de vida. Desde a perspectiva máis clínica, este programa integra liñas que se ocupan da comprensión, prevención e tratamento dos trastornos mentais, abordándoos desde unha perspectiva biopsicosocial.

Este Programa forma parte da 'Network of European Neuroscience Schools' (NENS), unha estrutura creada no marco da FENS (Federation of European Neuroscience Societies) para facilitar información sobre a formación posgraduada no ámbito da Neurociencia e promover a colaboración entre os programas de estudos europeos.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Análise Económico e Estratexia Empresarial
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscrición :	303 - Facultade de CC. Económicas e Empresariais
Coordinador/a :	Miguel González Loureiro mloureiro@uvigo.gal 986 81 24 20
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade de Santiago de Compostela Universidade da Coruña
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

18

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

45

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

409 / 5.000

Resultados de traducción

Resultado de traducción

Con carácter xeral, serán admitidos neste Programa aqueles que teñan realizado un máster en Ciencias Económicas e/ou Empresariais que familiarice ao estudante cos principais paradigmas teóricos e cos métodos de análise empírico da súa especialización.

Dependendo da análise de cada solicitude, a Comisión Académica poderá requirir unha entrevista co candidato.

Por bo rendemento académico enténdese que obtivo unha nota media de notable nos seus estudos anteriores. Por formación teórica e empírica suficiente entendemos en xeral que tes un curso acreditado de econometría (6 créditos) e microeconomía (6 créditos) ou finanzas (6 créditos) e economía empresarial (6 créditos) de nivel avanzado.

No caso de que o solicitante careza da formación previa requirida neste programa, a admisión estará condicionada á superación de complementos formativos específicos.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Priorízanse os graos en Economía, Empresa, Enxeñaría e Matemáticas.

O expediente académico é moi relevante para a admisión. Valórase o Curriculum Vitae.

Tamén é relevante que o solicitante se poña en contacto e teña unha carta de apoio dun posible director de tese en caso de admisión.

<https://www.doctoradoeconomiaempresa.gal/>



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscripción :	304 - Escola de Enxeñaría Industrial - Sede Campus
Coordinador/a :	Enrique Granada Álvarez egranada@uvigo.es 986 812183
Universidad coordinadora :	Universidade do País Vasco
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade de Burgos Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

8

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

23

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Consultar en memoria verificada:

<https://www.ehu.eus/es/web/doktoregoa/doctorado-eficiencia-energetica-sostenibilidad-ingenieria-arquitectura>

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Consultar en memoria verificada:

<https://www.ehu.eus/es/web/doktoregoa/doctorado-eficiencia-energetica-sostenibilidad-ingenieria-arquitectura>

Documentación complementaria

Consultar en memoria verificada:

<https://www.ehu.eus/es/web/doktoregoa/doctorado-eficiencia-energetica-sostenibilidad-ingenieria-arquitectura>

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI

Cupo: 3

Condições:

Consultar en memoria verificada:

<https://www.ehu.eus/es/web/doktoregoa/doctorado-eficiencia-energetica-sostenibilidad-ingenieria-arquitectura>

Actividades formativas

Consultar en memoria verificada:

<https://www.ehu.eus/es/web/doktoregoa/doctorado-eficiencia-energetica-sostenibilidad-ingenieria-arquitectura>

Información específica do programa de doutoramento

Consultar en memoria verificada:

<https://www.ehu.eus/es/web/doktoregoa/doctorado-eficiencia-energetica-sostenibilidad-ingenieria-arquitectura>

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscripción :	305 - Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Coordinador/a :	Ramón González Rodríguez rgon@dma.uvigo.es 986.218150
Universidad coordinadora :	Universidade de Santiago de Compostela
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade da Coruña Universidade de Minho Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro Universidade de Vigo Universidade do Porto
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

4

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

<https://www.universidadesemfronteiras.eu/doctorados/1>

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

<https://www.universidadesemfronteiras.eu/doctorados/1>

Documentación complementaria

*

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

Actividades formativas

<https://www.universidadesemfronteiras.eu/doctorados/1>

Información específica do programa de doutoramento

<https://www.universidadesemfronteiras.eu/doctorados/1>



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscripción :	305 - Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Coordinador/a :	José Durany Castrillo durany@dma.uvigo.es 986 812 164
Universidad coordinadora :	Universidade de Santiago de Compostela
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade da Coruña Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

7

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

21

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

CRITERIOS DE ADMISIÓN:

De forma xeral os estudos de máster que permitirán o ingreso a este Programa de Doutoramento sen complementos de formación serán: Máster en matemática Industrial (antigo Máster de Enxeñaría Matemática) ofertado pola USC, UDC, UVigo, UPM e UC3M.

Tamén terán acceso sen complementos de formación os estudantes co título de DEA obtido a través do programa “Programa de doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas” na USC, UDC e Uvigo.

COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN:

En caso doutro tipo de perfís diferentes dos anteriores, a Comisión Académica avaliará de forma individualizada cada caso. Considerarase a posibilidade de esixir complementos de formación de materias do “Máster en Matemática Industrial” ofertado pola USC, UDC, UVigo, UPM y UC3M (como máximo ata 15 ECTS).

No caso doutros perfís que non realizaran un máster necesitarase unha equivalencia de formación en créditos de investigación, en número no inferior aos del máster que da acceso directo, é decir, 60 ECTS.

REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACCESO:

Currículum Vitae, Outros

No momento de solicitar a admisión, o alumno debe presentar un anteproxecto de tese avalado por un doutor que cumpra os requisitos para ser director. Con este fin, daranse facilidades aos solicitantes para que se poñan en contacto cos profesores do programa. Este anteproxecto de tesis será analizado pola Comisión Académica



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Tecnoloxía Aeroespacial: enxeñaría electromagnética, electrónica, informática e mecánica
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscripción :	305 - Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Coordinador/a :	Fernando Aguado Aguelet faguado@uvigo.gal 986 812 212
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade de Estremadura
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

10

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

20

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Máster universitario, ou equivalente, sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes dous ensinos.

Así mesmo, poderán acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:

a) Estar en posesión de títulos universitarios oficiais españois ou títulos españoisequivalentes sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destes ensinos e acreditar un nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior. O alumnado con título de máster español e título de grao non español poderá acceder os estudos de doutoramento aínda non acadando os 300 ECTS ou cinco cursos de duración conxunta dos seus estudos universitarios oficiais.

b) O alumnado en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que, sen necesidade da súa homologación, acredite un nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións en tanto que o devandito título faculte para o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición daquel. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que esta en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso aos ensinos de doutoramento.

c) O alumnado en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros alieos ao EEES poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sen necesidade da súa homologación e previa comprobación pola Universidade de Vigo de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster universitario que faculte o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición do título. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que esta en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de

doutoramento.

d) Estar en posesión doutro título de Doutora ou Doutor.

e) Igualmente poderán acceder as persoas tituladas universitarias que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, tivesen superado con avaliación positiva alomenos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Os criterios de admisión para priorizar as solicitudes de inscrición no programa son os seguintes:

a) Titulación de máster: Poderase acceder aos estudos con calquera titulación que legalmente o permita. Con todo, e debido a que se trata dun programa interdisciplinar no que converxen as diferentes tecnoloxías utilizadas no ámbito aeroespacial, consideraranse prioritarias as solicitudes de alumnos que cursasen titulacións afíns ao campo aeroespacial.

Baremo: Titulacións prioritarias: 2 puntos; titulacións afíns: 1 punto; non afíns: 0 puntos

b) Titulación de Grao, Enxeñería ou Licenciatura: consideraranse prioritarias as solicitudes que mostren algunha das titulacións seguintes:

Baremo: Titulacións prioritarias: 2 puntos; titulacións afíns: 1 punto; non afíns: 0 puntos

c) Nota media do Expediente Académico previo ao máster ou DEA.

Baremo: Segundo a nota media ata 3 puntos

d) Nota media do máster

Baremo: Segundo a nota media ata 1 puntos

e) Currículo

Baremo: Ata 2 puntos

f) Carta de motivación que se esixe aos candidatos mostrando o seu interese por cursar o programa de doutoramento, e a temática específica razoada na que lle gustaría investigar en caso de ser admitido.

Baremo: Ata 1 punto

g) Valorarase a presentación de cartas de aval de profesionais acreditados nos campos relacionados co programa de doutorado

Baremo: Ata 1 punto

h) Poderá solicitarse entrevista persoal a todos os candidatos, en caso de consideralo necesario a Comisión Académica.

Baremo: Ata 3 puntos

Documentación complementaria

Solicitarase a seguinte documentación complementaria:

a) Currículo Vitae, onde se inclúa tanto a experiencia universitaria como a profesional.

b) Carta de motivación onde o solcitante explique as razóns polas que solicita matricularse no programa de doutoramento.

c) Carta de aval de profesionais acreditados avalando a candidatura do solicitante.

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

Condições:

- Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o interesado nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de Doutoramento.
- Estar en posesión doutro título español de Doutor obtido conforme a anteriores ordenacións universitarias.

Actividades formativas

No programa de doutoramento están previstas as seguintes actividades formativas, que o alumno pode cursar de forma presencial ou mediante sistemas de

- 1) Introducción ás publicacións científicas. Número de horas previstas para a actividade: 40 horas durante o primeiro curso do doutoramento.
- 2) Elaboración e exposición da Estado da arte dun tema de investigación. Número de horas previstas para a actividade: 160 horas durante o primeiro curso de doutoramento.
- 3) Asistencia a congresos científicos. Número de horas previstas para a actividade: 80 horas durante todo o doutoramento.
- 4) Publicación de resultados en revistas científicas: Número de horas previstas para a actividade: 160 horas durante todo o doutoramento.
- 5) Cursos transversais de formación: Número de horas previstas para a actividade: 240 horas durante todo o doutoramento.
- 6) Estancias de investigación noutras universidades e institucións de investigación: Número de horas previstas para a actividade: 160 horas durante todo o doutoramento.
- 7) Realización dun seminario anual: Número de horas previstas para a actividade: 40 horas durante cada curso académico.

As actividades formativas 1 e 2, son obrigatorias durante o primeiro semestre do primeiro ano. A actividade formativa 7) é obrigatoria polo menos en dúas das edicións anuais nos segundos semestres. O resto de actividades se considerarán moi recomendables para o alumno de doutoramento.

Información específica do programa de doutoramento

Información detallada do programa de doutoramento, pódese atopar na memoria do programa de doutoramento, que se atopa dispoñible na seguinte ligazón: https://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_g1/DOCUMENTOS/centros/eido/memorias/mem_pd_tecnoloxaeroespacial.pdf



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscripción :	305 - Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Coordinador/a :	Cristina López Bravo clbravo@gti.uvigo.es 986 813 475
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

30

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

30

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Para máis información, consulte: <http://doctic.uvigo.es/how-apply>

O perfil de ingreso recomendado é: Enxeñeiro/a de Telecomunicación, Máster en Enxeñaría de Telecomunicación, Máster en Teoría do Sinal e Comunicacions, Máster en Enxeñaría Telemática, Máster en Radiocomunicacions e Enxeñaría Electromagnética, Máster en Ciberseguridade ou Máster en Visión por Computador, todos eles da Universidade de Vigo.

Para aqueles estudantes con másteres nacionais ou estranxeiros relacionados coas Tecnoloxías da Información e das Comunicacions, a súa afinidade será valorada pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento. Tomaranse como referencia as competencias do Máster Oficial Español en Enxeñaría de Telecomunicación. Nestes casos, o Comisión Académica poderá condicionar a admisión á superación de complementos formativos específicos que se establecerán en cada caso dentro da oferta docente de grao e máster no ámbito das TICs da Universidade de Vigo.

Como algunhas actividades obrigatorias impartiranse en inglés, será requisito acreditar a competencia lingüística neste idioma (nivel B1) mediante un certificado do “Centro de Linguas” ou equivalente. Como alternativa, poderá demostrarse que o inglés é a lingua materna ou que os estudos de Grao ou Máster foron cursados en inglés.

Será necesario presentar un plan de investigación preliminar asinado por algún dos supervisores do programa DocTIC. Consulte as liñas de investigación do programa na páxina web de DocTIC (ou enatlanTTic) e pónase en contacto cun dos investigadores para acordar un tema de investigación e un pre-plan de investigación para o doutoramento.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

CV (Expediente académico e experiencia profesional no ámbito do Programa de Doutoramento)

Plan de investigación preliminar

Cartas de recomendación de profesores dos estudos previos

Outros méritos académicos e/ou profesionais

Se se considera necesario, unha entrevista persoal.

Documentación complementaria

Ademais da documentación obrigatoria (CV, títulos, expediente académico, certificación de nivel B1 de inglés e plan de investigación preliminar), pode achegar cartas de recomendación de profesores dos estudos previos.

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI

Cupo: 5

Condições:

Se o seu título de máster é de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), deberá presentar tamén a seguinte documentación:

Solicitud de equivalencia do seu título(s): <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-03/TC-03.docx>

Copia legalizada do seu DNI ou pasaporte

Copia legalizada dos seus títulos

Copia legalizada do seu expediente académico

Nota media oficial equivalente: https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

Actividades formativas

<http://doctic.uvigo.es/a4-training-activities>

Información específica do programa de doutoramento

www.doctic.uvigo.es

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Ordenación Xurídica do Mercado
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscripción :	308 - Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Coordinador/a :	Pablo Raúl Bonorino Ramírez bonorino@uvigo.es +34 988 368 846
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

25

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Estar en posesión do título de grao ou equivalente en: dereito, relacións laborais ou xestión e administración pública.

Ademais, deberá posuir un título de Máster oficial universitario co 75% alomenos de contidos xurídicos.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

Teranse en conta os seguintes criterios:

1. Expediente académico (no CV).
2. Carta de presentación que sustente a idoneidade da incorporación do estudante ao programa, extendida por un profesor do programa de doutoramente.
3. Outros méritos académicos e/ou profesionais,

Documentación complementaria

A que se corresponda cos criterios de avaliación.

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

NON

Cupo: 12

Condicións:

Os estranxeiros terán que acreditar condición equivalente ás dos aspirantes nacionais

Actividades formativas

Organízanse actividades formativas complementarias: "Cursos de actualización xurídica"

Información específica do programa de doutoramento

Consultar a Memoria



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica.
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscripción :	308 - Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Coordinador/a :	Esther María Pillado González epillado@uvigo.es 986 812 413
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

12

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

0

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

CRITERIOS DE ADMISIÓN:

Son requisitos de admisión neste Programa de Doutoramento:

- 1.- Prioridade das titulacións de Dereito; Psicoloxía; Traballo Social; Socioloxía e Educación.
- 2.- Contar con un anteproxecto de tese relativo a alguna das liñas de investigación que conforman o Programa de Doutoramento, avalado por un doutor/a que cumpla os requisitos do Art. 10 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da U.Vigo.
- 3.- No caso de alumnos que deban cursar complementos de formación, deberán superar os complementos de formación recomendados pola CAPD

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACCESO:

Currículum Vitae
Expediente académico

COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN:

A realización dos complementos será previa ou simultánea á matrícula en tutela académica no programa de doutoramento. No caso de realización simultánea, o alumnado deberá matricularse destes complementos no momento de formalizar a matrícula de tutela académica no programa. No caso de ser previa, só se matriculará destes complementos e non se firmará o Compromiso de Supervisión nin se abrirá o Documento de Actividades do doutorando ata a súa superación. Estes créditos non computarán aos efectos dos requisitos comúns de acceso ó programa de doutoramento.

Documentación complementaria

Deben aportar:

- Expediente académico da titulación de acceso.
- Curriculum vitae.
- Proposta de tema de tese, avalada por un doutor/a que cumpla os requisitos do Art. 10 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da U.Vigo.

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI Cupo: 2
Condições:
Aplicaranse os mesmos requisitos admisión previstos con carácter xeral.

Actividades formativas

ACTIVIDADES FORMATIVAS OBRIGATORIAS:
Referencia á memoria

Información específica do programa de doutoramento

INFORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO:
Recollida na web: <http://resoluciondeconflictos.webs.uvigo.gal/>



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Láser, Fotónica e Visión
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscrición :	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Coordinador/a :	José Ramón Salgueiro Piñeiro jrs@uvigo.es 988387212
Universidad coordinadora :	Universidade de Santiago de Compostela
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade da Coruña Universidade de Vigo
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

5

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

25

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACESO:

Currículum Vitae, Entrevista, Outros

1. Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao, ou equivalente, e de máster universitario.
2. Así mesmo, poderá acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos: a) Estar en posesión dun título universitario oficial español ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso ao doutoramento de acordo co establecido no artigo 16 do RD 1393/2007, e superar un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos cales polo menos 60 deberán ser de nivel de máster. b) Estar en posesión dun título oficial español de graduado ou graduada, cuxa duración, conforme normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 créditos ECTS. Ditos titulados deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de máster. c) Os titulados universitarios que, logo da obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde. d) Estar en posesión dun título obtido conforme sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, logo da comprobación pola Universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de máster universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do cal estea en posesión o interesado nin o seu recoñecemento para outros efectos que o do acceso a ensinos de doutoramento. e) Estar en posesión doutro título español de doutor obtido conforme anteriores ordenacións universitarias.

3. Os doutorandos que iniciasen o seu programa de doutoramento conforme anteriores ordenacións universitarias poderán acceder ao ensino de doutoramento, logo da súa admisión de acordo co establecido no Regulamento de estudos de doutoramento. En todo caso deberán reunir os requisitos establecidos con carácter xeral no citado Regulamento para acceder aos estudos de doutoramento.

4. Poderán acceder aos estudos de doutoramento os licenciados, arquitectos ou enxeñeiros que posúan o diploma de estudos avanzados obtido de acordo co disposto no Real decreto 778/1998, do 30 de abril, ou alcancen a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, do 23 de xaneiro.

5. Poderán acceder aos estudos de doutoramento os licenciados, arquitectos ou enxeñeiros que posúan un título de máster oficial conforme o Real decreto 56/2005 ou o Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010, ou teñan superados 60 ECTS de estudos de máster oficial.

6. Tamén poderán acceder os diplomados, enxeñeiros técnicos ou arquitectos técnicos que acrediten ter 300 créditos ECTS superados no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos cales, polo menos 60, deberán ser de nivel de máster.

Requisitos de admisión específicos e/ou criterios de valoración

A ponderación dos criterios de acceso son:

a.- Expediente académico. Computará o 65% na cualificación global de admisión.

b.- Curriculum Vitae: valorarase preferentemente a formación e experiencias profesional e investigadora, e coñecemento de idiomas. Computará o 20% na cualificación total de admisión.

c.- Entrevista persoal: valorarase capacidades e motivación para o traballo científico. Computará o 15% na cualificación global de admisión.

Documentación complementaria

Currículo

Condición de expedición do título de doutoramento *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Matrícula de estranxeiros alleos ao EEES

SI
Cupo: 2
Condições:
Estar en posesión dun título universitario que habilite para o acceso ao doutoramento de acordo co establecido no artigo 16 do RD 1393/2007, e superar un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos cales polo menos 60 deberán ser de nivel de máster

Actividades formativas

O alumno debe realizar unha serie de actividades para alcanzar a formación que o PD-LFV considera necesarias e previas á defensa da Tese. Algunhas actividades son obrigatorias e outras altamente aconsellables. Están recollidas na Memoria e esquemáticamente son:

1.-Seminarios Formativos en Temas Específicos de Láser, Fotónica e Visión

Os alumnos deben asistir a Seminarios formativos (organizados polo propio PD-LFV ou de outro tipo: profesores visitantes, seminarios científicos non organizados polo PD_LFV, etc.)

2.-Xornadas sobre Valorización e Transferencia de Tecnoloxía

Consiste en que o alumno asista a algunha reunión ou xornadas onde se aborden cuestións sobre I+D+i ou semellantes. Na Memoria fálase de Xornadas que fai a USC, pero pódese abrir a outro tipo de reunións ou xornadas que teñen o mesmo cometido.

3.-Organización de Workshops dos Estudantes do Programa

Consiste en que os alumnos expoñan algunha vez a súa liña máis específica de investigación e a metodoloxía do seu traballo, ou mesmo expoñer resultados científicos nun formato tipo Workshop, é dicir, onde se poida promover discusións abertas, debates, etc. Cada Universidade pode organizar de xeito autónom ditas actividades, ou pódese pensar nalgún Workshop interuniversitario.

4.-Estancias Curtas de Investigación

Considéranse altamente recomendables estancias curtas (alomenos unha) noutros centros de investigación. Se ademais é internacional e igual ou superior a tres meses o doctorando pode acadar o Doutorando Internacional.

5.-Actividade Formativa de Investigación

Precísase que o alumno sexa autor ou coautor de alomenos dous traballos en revistas científicas indexadas no JCR, e da alomenos a asistencia a un congreso de ámbito nacional ou internacional.

Asemade pode haber outras actividades que poidan ser convalidables con estas (informe favorable da CAPD). Todas estas actividades deben ser autorizadas, supervisadas, informadas e recollidas no Documento de Actividades do Doctorando (DAD).

Información específica do programa de doutoramento

A ciencia e a tecnoloxía óptica do Láser, a Fotónica e a Visión é un ámbito do coñecemento cuxo obxectivo é o estudo da xeración, transmisión, detección, control e manipulación da luz. Dito estudo está orientado ao desenvolvemento de tecnoloxías con aplicacións de un alto interese en múltiples e dispares ámbitos socioeconómicos e sanitarios, que van dende as telecomunicacións, as ciencias da vida e a saúde, o medio ambiente, a metroloxía industrial, o ocio,... até as fronteiras científico-técnicas como a nanoóptica, o procesado e as comunicacións cuánticas, os metamateriais ópticos, etc. Abrangue por tanto dende o desenvolvemento de dispositivos que forman parte da vida cotiá até innovadoras investigacións que alcanzan as fronteiras do coñecemento científico. A evolución da ciencia e tecnoloxía óptica do Láser, a Fotónica e a Visión foi constante ó longo da historia acompañando o desenvolvemento de moitas outras disciplinas que contribuíron de forma directa ao progreso e á innovación. Na actualidade e de forma natural, a óptica complementase coa electrónica, a informática, a micromecánica, etc, dando lugar a unha miríada de aplicacións altamente especializadas (técnicas de metroloxía óptica industrial, instrumentacións bio-óptica, sensores ópticos medio-ambientais, telecomunicacións, corrección de defectos visuais, iluminación, etc) e a produtos de gran consumo (cámaras dixitais, proxectores, soportes ópticos de almacenamento, todo tipo de lentes oftálmicas, etc). En termos socio-políticos, o sector científico-técnico da ciencia e a tecnoloxía óptica e fotónica é de extrema importancia para os grandes retos do século XXI, e de feito as tecnoloxías fotónicas, son consideradas como tecnoloxías estratéxicas (KETs) pola Comisión Europea.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Anexo XI: Características específicas dos programas de doutoramento no curso 2025/2026

Denominación do título :	Programa de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural
Campus :	Campus de Vigo
Centro de adscripción :	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Coordinador/a :	Beatriz Pilar Comendador Rey beacomendador@uvigo.gal 988 387 141
Universidad coordinadora :	Universidade de Vigo
Universidades e outros organismos participantes :	Universidade de Santiago de Compostela Universidade da Coruña
Créditos :	
Curso académico :	2025/2026

Comisión Académica Doutorado

Prazas ofertadas para a Universidade de Vigo:

7

Prazas totais (en caso de estudos interuniversitarios):

15

Admisión de estudantes *(de acordo co establecido na memoria enviada á ANECA para verificación)*

Podrá admitirse a alumnado que, estando en posesión de la titulación de acceso, haya cursado estudios superiores en cualquier disciplina, si bien se le dará prioridad a las siguientes: Historia, Historia del Arte, Geografía (licenciatura), Geografía y ordenación del territorio (Grado), Arqueología, Bellas Artes, Conservación y restauración, Geología, Química, Biología, Farmacia, Física, Ingenierías, Arquitectura, Economía, Filosofía, Derecho, Antropología y Pedagogía.

Los/as Solicitantes deberán cumplir los requisitos establecidos de acceso y, para solicitar la admisión, deberán acompañar la documentación acreditativa que se detalla a continuación para llevar a cabo la selección. Con respecto a esta fase, se seguirán los principios de objetividad, imparcialidad, mérito y capacidad, y se tendrán en cuenta los criterios siguientes:

- Curriculum vitae de los candidatos y las candidatas, en el cual se hará mención de los estudios formativos previos, el expediente académico y la experiencia profesional o investigadora en el ámbito de la Protección del Patrimonio.
- Cartas de aval de profesorado de titulaciones previas, personal investigador o profesionales del campo del Patrimonio y/o expresión de compromiso de dirección por parte de un doctor o doctora que cumpla los requisitos exigidos.
- Otros méritos académicos y/o profesionales

